

Documento distribuído por



dEfecto 2000

*Marilar Aleixandre, Fran Alonso, Yolanda Castaño, María do Cebreiro,
Xabier Cordal, Emma Couceiro, Estevo Creus, Marta Dacosta,
Eduardo Estévez, Celso Fdez. Sanmartín, Lupe Gómez, María Lado,
Igor Lugrís, Olga Novo, Manuel Outeiriño, Chus Pato, Isolda Santiago,
Sechu Sende, Francisco Souto, Miro Villar, Rafa Villar*

Eduardo Estévez realizou esta edición facsímile de dEfecto 2000 (Letras da Cal, Santiago de Compostela) a partir dos arquivos orixinais de 1999. Desde culturagalega.org queremos agradecer a xenerosidade de todos os autores por facilitar a redifusión deste importante texto.

Podes consultar a historia de Letras da Cal na seguinte reportaxe:

<http://www.culturagalega.org/temadia.php?id=9102>

Documento distribuído por culturagalega.org
Consello da Cultura Galega. (www.consellodacultura.org)

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)
Tfno: 981957202 / Fax : 981957205 / redaccion@culturagalega.org



α Efecto 2000

Antología de poetas dos 90



α Efecto 2000
Antoloxía de
poetas dos 90

Esta edición dixital realizouse en 2006
utilizando os mesmos arquivos cos que se imprimiu
a primeira edición en 1999

d Efecto 2000

Antoloxía de poetas dos 90



Este libro publícase
co apoio da Comisión Europea.

dEfecto 2000. Antoloxía de poetas dos 90
© dos autores e autoras dos textos
Letras de Cal

Ilustración:
Nolo Suárez

Edita:
A. C. Amaía
Apdo. 142, Compostela
Galiza, novembro 1999

Imprime:
Litosprint, S.L. - Pontevedra

ISBN: 84-922620-9-5
D.L.:C

Letras limiares

A colección de poesía Letras de Cal, impulsada por ducia e media de autores e autoras, naceu coa vocación de favorecer o acceso da xente máis nova á publicación dos seus libros, con atención preferente aos poetas que permanecen inéditos.

Oito libros nos dous primeiros anos son a mostra do noso, modesto mais decidido, traballo editorial, que continúa en *dEfecto 2000 (Antoloxía de poetas dos 90)*, unha achega a varias das poéticas que coidamos máis interesantes nesta última década do século.

Esta antoloxía que propoñemos é só unha das antoloxías posibles. É máis, entendemos que só se trata da antoloxía na que os membros do consello editorial de Letras de Cal fomos quen de confluír, e isto despois dunha nada fácil discusión e posta en común. É, logo, unha antoloxía de lectores e lectoras, e non a típica escolla que depende da perspectiva crítica dalgún profesional da literatura. Nós víamoslle a facelo así, cando menos neste momento, máis vantaxes que inconvenientes.

Partimos dun listado, que intentamos exhaustivo, de todos os autores e autoras que durante a década dos 90 publicaran o seu primeiro libro individual, mesmo sabendo que aí deixábamnos fóra un número importante de poetas que se deron a coñecer (organizados en asociacións ou que apareceron en revistas e publicacións colectivas) nestes dez últimos anos. Aínda así, o listado que manexamos era de case cen poetas, o que, malia parecer unha esaxeración, é só o reflexo da realidade que se viviu na nosa poesía nesta década, coa implosión de novas propostas poéticas (algunhas ben novidosas), fenómeno este que mesmo logrou achar eco na crítica literaria e nos medios de comunicación.

Deses perto dun cento de poetas, escolmamos algo máis da quinta parte, de aí que tamén falemos dunha antoloxía con certa visión panorámica, e non dunha antoloxía de tendencias estéticas ou de nomes representativos. En realidade, fixemos unha suma de subxectividade (cada un dos membros do consello editorial propuxo a súa propia lista de poetas que deberían formar parte da antoloxía) que deu como resultado a nómina de autores e autoras que presentamos en *dEfecto 2000 (Antoloxía de poetas dos 90)*.

Feita a escolla de poetas, o seguinte paso foi antologarmos os textos que nos parecen máis representativos de cada un deles. Para isto e

co fin de organizarmos o traballo, entre os membros do consello editorial fixemos pequenos equipos de dúas ou tres persoas que se encargaron de seleccionar os poemas de cada autor.

O resultado é este libro, que titulamos *dEfecto 2000 (Antoloxía de poetas dos 90)*, co que Letras de Cal fai o décimo da súa colección. Pola nosa parte, recomendamos finalmente permanecer atentos á nova década que comeza, lonxe de todo agoiro apocalíptico, pois de seguro ha producir fermosos textos poéticos que reclamen a nosa ollada como editora e, xa máis particularmente, como lectores e lectoras.

O consello editorial de Letras de Cal
Val de Amaía, novembro de 1999

Marilar Aleixandre

baixo as uñas

a noite antes de morreres
-ordes do médico-
cun algodondiño
mollado en acetona
borrei da uña do teu dedo pequeno
o esmalte rosa

o ano antes de morreres
eu tiña vintecinco
estaba tan ocupada
en non ser coma ti
non criar sete fillos
borrar os esmaltes
de todas as uñas
escapar ós vincallos que tenden
as cuncas de café

a noite antes o esmalte
no algodón
que o médico puidese ver
o devalar do sangue
por baixo das uñas
das caracolas brancas
última maré baleirándose no corazón

mentres a morte
agatuñaba pola cana dos ósos
o ano antes un amante
que non coñecía
(de coñecelo había disgustarte)
atendía ó balbordo que me zoaba
dentro dos caracois
pintoume na uña
do dedo pequeno
con rotulador negro
un corazón

daquela non sabía
que o teu sangue callou
nesa terra que teño baixo as uñas
que a ti debía
as pugas que agromaban que
tamén levo por baixo das uñas
restos da túa tinta
que acabaría usurpando o teu nome

non sabía que fuches ti quen me educou
contra ti mesma

Catálogo de velenos (1999)

con chuspe de grilo

o ano en que rompiches
en mil pedazos
e fomos pegándote pouco a pouco
con chuspe de grilo
e algunha bagulla que outra

o ano en que un fungo branco
che tecía nas veas
un sudario tépedo
teus irmáns guindábanse
receitas mensaxeiras
de somníferos
durmideira beladona valiumdez
orfidal ou morfidal
todo porque morfeo
xémeo do outro
do outro
(¿está fóra de peligro?
aínda non aínda non)

o ano en que
eu era de madeira
(dixo un enxeñeiro)
as bagullas furábanme por dentro
como larvas da couza
miúdas e opacas

o ano en que
as airadas do vento
na Coruña levantaban
unha poeira de impotencia
un turbillón de pesadelos
en que o termómetro desbocado
a máis de corenta
en que o teu pulso
zigzagueaba pola pantalla

o ano
ese ano
con dous oitos
negación do infinito
tempo que non quería
transcorrer túnel
selado

Catálogo de velenos (1999)

a criatura interpela ó seu creador

¿por que me tiraches da lama
ou do matadoiro?
¿por que dime moldeaches
o meu corpo esta gaiola
se habías guindarme no cuarto escuro?

cando cheguei aprendín
a lingua das cascudas o alfabeto
das arañas pois como Casandra
non sei vivir sen falar
medráronme
os ollos para furar a tebra
botei garlas para respirar
nesta humidade de feluxe
que anticipa os recantos
no bandullo do peixe

andando o tempo
logrei acostumar-me
a que as ratas chimpasen sobre o meu ventre
á noite
a que me acordasen lambéndome a cara

se che disgusta o meu nariz
lembra que saíu da túa man
ti puxeches nel a maldición:
unha cuarta por cada verdade

pero se has ameazar ós demais
non con ratas ou tebras
non con arañeiras ou cascudas
senón coa miña compañía
se ós poucos mudei no sacauntos
mellor desfai outra vez o meu corpo
usa os pelgachos para unha nova criatura

as rachas para unha mesa
ou chiframe de cabeza
nese forno de gas onde me cocín

Catálogo de velenos (1999)

Fran Alonso

Da memoria sepultada nas ruínas de Monfero
dos ollos de pólvora que baixo as pedras
de barroco e tremor xacen esquecidas
das mans da primavera e a boca florecida
en pizarra e pedra de emoción embadurnada
coma os anos embebidos na calor dos costumes
e desexos oxivais dos arcos e as pedras
das mans rebeldes que pintaron a memoria
encadernada entre as herbas dun monte monfero
cantando de xoglares coma area as cantigas
dun pobo que noutrora fora ceo e fora sangue
xorden coma bombas as palabras e as tormentas
dunha clara tempestade que avivece a memoria.

A lúa no probador (1992)

Dos múltiples motivos
que me poden levar a escribir un poema
ti tes, entre eles, un lugar de privilexio.
Por seres o corredor de almofadas sucias
onde ecoan as nosas contradicións.
Mais tamén porque agachas no teu colo
crocodilos.
E as horas tépedas en que nós invernaron.
Porque me ensinaches a ser curuxa,
a velar a noite de timbres, farangullas
e odios.
Semente de louza fina e pedramol.
Prometíchesme un futuro de tendóns,
de paredes en tensión, amor.
Somos como anguías.
Esvarámonos.
Mesturamos o noso sangue no vertedeiro.
Ollamos para o centro do salón
cando nas esquinas medra o lixo e o vinagre
e a marmelada aceda.
E despois de tanto traballo inútil, vén a entrega,
coma luras amarradas ás poteiras,
e os reproches, ciúmes, paranoias, soidades,
e desexos.

Persianas, pedramol e outros nervios (1992)

✓

éxote de regra, ducha, xel,
bragas cinguidas á pel de marmelada.
Debuxas liñas coma soles, corazón,
perfumes, bidés, un sobrado de compresas
no armariño da tregua necesaria.
Debuxas peitos brancos coma elefantes
pastando malembe trala blusa.
Imposme un coitelo, un remuíño de desexos,
unha tregua de toallas.
Es un leito de peitos brancos e elefantes,
todos en estampida de min mesmo.

Persianas, pedramol e outros nervios (1992)

Se esvaro lenemente no noso leito de cointreau
para che acariñar bragas, encaixes e muslos,
para che percorrer lingoreteiro os peitos de malembe,
e os pezóns se che estiran coma goma de borrar,
e sinto as túas mans mornas nos meus calzóns bébedos
apalpando as formas da miña pel electrizada,
e dispoño pouco e pouco de che sacar faixas axustadas,
non hai, amor, xenreira que resista proba tan dura
nin odio que non prenda nas raíces do desexo.

Persianas, pedramol e outros nervios (1992)

A nosa relación, amor, é estéril.
Por veces non produce.
¿Debemos, daquela, seguir amándonos?
Eu quixera facer da vinga o ritual de cada noite,
para ensarillarte coma un cefalópodo nervioso
nas mallas baleiras da miña querencia erma.
Mais a falsidade tampouco me produce.
Eu quero ser ruín, amor,
porque mo pide a sociedade.

Persianas, pedramol e outros nervios (1992)

Secuencia A

Ás oito da mañá comezo a facer tortillas.
Fágoas todo o día,
con e sen cebola,
soas ou acompañadas de leituga e tomate,
ás veces con chourizo,
moito en bocadillo,
sobre todo ás dez ou ás once,
tortillas dos andamios para os obreiros
que berran e traen as mans sucias.
Cómenas con cervexa,
os días grises, sentados trala barra.

Tortillas para os obreiros (1996)

O contrato

Cubriron con exactitude o impreso en vixencia inexcusable,
encheron puntuais os ocos baleiros con nomes completos, enderezos e
datas precisas de nacemento.
Cumprimentaron os estrictos documentos mediante
pólizas determinadas,
certificados de pedra e facturas de floristerías.
Riscaron as cuadrículas burócratas da forma máis sensual que
puideron atopar naquel bolígrafo.
Non lembro xa cómo papel de estado empregaron na escritura
de ingreso nin cuántas
sinaturas ensaiadas.
Logo fixeron con tino a
inscripción legal gozosa no rexistro
e antes de que vencera o prazo foron acordar a
cota mensual de beixos.
Non se esqueza
que se amaron dende as nove corenta e cinco do vintenove de maio
até as sete e tres minutos
dun catorce de setembro.

Elevar as pálpebras (1995)

Unha fábula preciosa que nos colleu por sorpresa.

Eu levaba cento vinte días repetindo o seu nome de seda
e co relampo dos profetas perdinme da súa man que era grande
e que tiña un recuncho pequeno para agocharme dos malos.

Levarme e esconderme nunha habitación suxa e inventada,
sempre dicir as cousas lindas con ese xesto mansamente triste
e a min de pura alegría víñanme medrar estreliñas nas meixelas.

Había unha sentencia guerrilleira que nos facía furtivos algo
[torpes

pero el sempre chegaba para contarme contos tristes
e por aquel entón eu era a nena máis bonita de todas

e fomos nós os que gañamos, e mesmo tras dos remates e
tras das bágoas e doutras lendas
aínda ficaba alí calado,
asistindo sen condicións,
para volver a descompoñerme.

Delicia (1998)

Poética de incertidumes

Quén preservará todos os contornos da conciencia.
Quén ha de revelar o meu nome descoñecido,
o meu impúdico nome que codifica e devora.
Quén pode prescribir tantos equívocos moldes
por encima desta fiestra construída polo corpo.
Quén haberá que incorpore esta razón esta memoria
cara un ciclo impertérito de tebras e de luz?

Delicia (1998)

Dame un fogar e sanarei as túas costas.
As túas labiais louvanzas as louvanzas únicas.

Así quero que me contes cómo e cánto me buscaches
e que así rememores todos os nomes da ausencia,
de cando eramos aínda tan remotos cara a cara,
e que queden sepultados baixo o cemento do esquecemento.
E eu
fago unha cova para ti no

van do meu abrazo,
na sima dos meus brazos,
no rexime feudal do oco do meu colo.

A devoción enfermiza
que durmía nunha caixa pequeniña cun diagrama.
É agora a omnipotente resonancia da túa fronte,
e a íntima estancia onde ninguén é máis ca ti.

Tamén ti na viva esfera fixeches unha ofrenda,
aquela sonora e álxida quietude do teu castelo.

Son a Cristiana.

Hoxe dicíanme que as cousas escuras son cousas terribles.
Tacho as liñas, pecho os libros, teño dereito a un exército.
Desexo mecelos, os nomes brutais que me dabas, mecelos de [novo.
Xuntos deixamos caer as nosas diplomaturas co mundo.

Cándo calarán.
O meu nome é Cristiana.

Vivimos no ciclo das erofanías (1998)

Faltamos a clase. Cómo me buceas.
Faime o que sabes que me gusta que me fagas.
Cociñándome a túa hipérbole
a un fogo mui lento.

Cando as nosas emocións
xa nos doen de tanto usalas,
de alritadas i enroxecidas, que tanto pagaron a pena.
Cómeo todo, meu ben, como cando eras pequeno,
e apertámonos moito
para que non caiba máis nada.

A miña obsesión por esa melena,
acibeche vertical que che abriga toda a espalda,
unha relixión de 68 centímetros; para que vexas.
A túa posesividade coñece as miñas formas.

Fálasme de cousas de maiores.
Tiven que engulirte na miña cabeza.
Logo comezamos a , e fixéchesme
e puxéchesme o como se fose unha
Un asunto de sintonías, e non sei como é que o fas tan ben.

Xa nos saen todos os cadros máis bonitos.
Se che dá por arrodearme de velas eclesiásticas.
Amarrándote con cordas e cosa miñas dotes de quecer
por iso pido a insolencia de que ti me necesites.

Vivimos no ciclo das erofanías (1998)

Todas as salvagardas que nos merecemos.
O teu perfil confidente.
Como todo o que che digo cando non podes ouvirme
e é tan dura a tarde, e ti tanto me faltas.

Os nosos dáctilos Par a par.
Soños fértiles Par a par.
Parecía imposible que coubese tanto alento,
tan madrepeñola como agora nos preña.
Veña, miña bela bestia, vén coa túa yolandalatría.

A tarde nos visita algunha vez abandonados
e ti dis corazón, esa palabra que odio.
Fuches ti, meu animal, fuches ti quen esculpiu
nas miñas nádegas un verso que dicía para sempre.

Vivimos no ciclo das erofanías (1998)

María do Cebreiro

intencións

Non levo té nas palmas pero teño unhas xemas
que poden rebentar en calquera momento.
Asisto á prehistoria das raíces
e os meus dedos ensaian a caricia só porque non te poden rabuñar.
Con auga da traída
preparo unha infusión de finísimas herbas
e o verde leva un nome proscrito de muller, de maría, de min.
Tamén quero casar pero non teño roupa.
Por iso ás veces penso no xabrón do lagarto,
nas eventualidades, miña nai:
enxugar outra vez a saia coa que andaba perdida por aí
(igual que a carolina, íspome polos pés).
Primeiro eu almorzaba malas herbas ata un fondo chamado última
[gota
e logo
así fregaba a louza, así, así,
mesturando na lingua memoria con desexo.
Imito a voz de isolda,
lamento o meu destino moito máis torpemente que luísa
insisto (sempre insisto) en preguntar,
coas miñas mans tan brancas
sumidas nos cacharros máis profundos.
Podía demorarme en refregar a carne contra tódolos concos
para apañar os restos dun pouso tan acedo como inútil.
Pedín xogar a bico, verdade ou consecuencia
pero non me deixaron.
Así pasaba o ferro, así, así,
coa traizón dos outros incendiándome o pulso,
e emprendía reformas nese cuarto que por desgracia todos levamos
[dentro
ou tapaba as goteiras dun faiado
que ardera sendo eu inmediatamente anterior na orde do tránsito.
O braseiro e a decadencia persoal son case a mesma cousa.
Sorprendeume entre os dedos o espertar do remol

porque me souben lúcida pero sentimental despois de todo.
Así berrei por fin, así, así,
solicitando asilo, pedra pómez, calquera circunstancia respirable.

o estadio do espello (1998)

Triunfal cursus honorum ou turbia traxectoria persoal
pero xa nunca dante, nin centro do camiño,
porque os que paseamos por aquí
frecuentamos lugares pouco amenos,
rexeitamos o mundo, o tempo foxe
e collemos o día coas nosas mans baleiras.
Somos menos felices que beatos e, desgraciadamente,
bastante menos áureos que mediocres.

o estadio do espello (1998)

Aprendeuche a mentir en verso libre. Cántas trolas
calculas que me vas encaixar nun só poema en prosa,
méry laurent, mantida. Abre ben esa boca a ver qué
levas dentro. Quen che arrincou as perlas
deixou intactas as caries, a materia.
Acaso preparaba ese instante fatal
onde o negror
corrupto
se converte en agoiro da rosa sen a cruz.

Coñezo a posición de tódolos empastes
a cor aproximada do mercurio,
o valor do metal que intentas esconderme.
Cómo debo chamarlle á moa do xuízo para non ofenderte.
Cabeleira, nocelo, sobaco ou caravel
son partes evidentes dese mapa que exhibes
sen relevo, sen lenda
e sen escala.

o estadio do espello (1998)

A memoria é o espacio da reapropiación.
Vivo para contalo. Gardo tódalas fotos
para as que me pediron que sorrira.
Agora me decato de que endexamais prescindín
do trazo, da impiedade.
Porque a caligrafía consiste na ilusión de que non nos torcemos.
Nin os cadernos rubio darían ocultado
que o carbón mancha a pel
e que a mina se crava con frecuencia
no páncreas do inimigo.
Agás no teu. Arrincáronche os ollos e iso faite inmortal.

(entón ela abateuse prostrándose por terra e díxolle:
-¿por que atopei benquerencia ós teus ollos
para reparares en min,
sendo como son
unha estranxeira?)

o estadio do espello (1998)

Sería (tal vez) ben apañar algo, un pouco máis de vento (de
[veleno)
para facer do fol un bo arsenal. Que a letra sexa o demo ou a
[muller.

Habíamos poñerlle unha mazá nas comisuras
a ver qué fai con ela.

Quen ten a tinta ten o pergameo, o dominio do mundo
[intelixible.

A incisión só se fai cos obxectos
punzantes, con iso que non teño
e nas táboas de cera son o suco,
pero inscribo o meu xesto no espírito dos homes
e tócolles a gaita.

Os corpos son pequenos, a arte é longa. Cada vez teño menos
[que sachar,
a penas quedan marxes, ou poida que o de dentro xermole
[na experiencia

da expulsión como froito.

Esnaquizo os espellos e aínda así non me castiga a sorte.

[Resucito

(ou escribo) despois dos sete anos.

Profanei a mapoula:

a flor que non habita perspectiva ningunha
pero busco nas augas inmóbiles e presas,
na imaxe desdobrada, na escisión catastrófica,
na beira do xardín como límite (fraude)
que (tal vez) se me impuxo:
eu elixo ser eva podendo ser maría.

o estadio do espello (1998)

Xabier Cordal

Medrou erva no teu cabelo
Como nas costas che nacieron os carballos
Baixo o sol máis negro que o boi arrasta.

Profundos os teus ollos: abría-los coa dúas maos
Para que saíse un caranguexo azul ao mundo.
Dúas pegas-marzas. Creceron-che os dentes, miña señor.

Algun día terás que tragar unha rosa con trigo.
Dirás: «algun día, a fouce». Ha de rebentar luz
Das coxas dun castelo: a mañá. Ali, ao fin
Do teu vestido. Onde os nenos se perden.

Arianrod (1993)

Mira como ando polo borde infame da torre dos Andrade
Mira como cando as miñas queixadas baten en terra
Aro Galiza e collo a serpe viva entre os dentes
Mira como en cada púcaro ou alfaia que crias da palabra
Benigno Andrade rompe os ósos dun xilgaro
Comproba, poeta, como o verbo nunca morará no castelo
do país onde empeza a amanecer
Olla eses carballos onde pendura o fio do relampo
Coa alma de Roi Xordo aforcada en esparto de Toledo
Que Abril, compañeiro, rebente de pervincas
A barriga dos bardos de palácio

Quen é deus, que sexa a ponte.

Arianrod (1993)

U
nha hipótese Gaia cose no Sudán as vulvas da doncela
o recendo, o baile, o casino desde licor de arando
olen ao cu dos cervos abatidos por militares de gala
o acto menos doado na poética, a sintaxe
o camiño do vento é sempre a dirección contrária ao vento
escoitade: a lingua que escribo
as coordenadas dun templo onde chove sobre o estrume
a miña lingua matou en lábios dun Mesias
embarcado desde as augas do Tejo
a lingua que eu aprendín arrasta a gorxa
balbucia revoltas
nen forma nen contido. apenas os nexos
a historia dun bren corvo ilumina
a entrada no metropolitano
reggae knock Babylon
só mover as pezas da sintaxe
árbores nun amanecer
eis a vitoria única da tuberculose
eis o xadrez das augas
eis a machada de cobre que empuñan pandeireteiras vellas

Fruto do teixo (1994)

*a*vanza: un pé no lombo verde do carneiro
o outro no lombo negro do xavali
ela arrasta os pés para facer brillar os corredores da oficina
nesa noite ocultaremos varias imaxes
comprometian o paso polo cemitério
ali, entre unha loción para barbear-se
entre sellas con auga murcha
ficaban os restos da festa. a cámara
en nengun momento afastaba o seu ollo infernal
do paseo polas tumbas
tribe: a fragrance uprising und archetype
eau de toilette
interrompemos a programación para informar á revolta dos
pequenos pobos
parmi les déclarations d'indépendance
the country warriors are three
el cuerpo de intendencia sube a más de cuatrocientos generales
a equipa de universitarios a desenhar argumentos
sans doute para a historia ilustrada do movimento operario
un supoñer: da miseria intelectual
só nos libertará o exercito dos míseros
estamos a fala cos sistemas de intercambio na hora libre do ocaso

Fruto do teixo (1994)

Demostración 1

o falante lírico
de volta nas catacumbas
terriña que nos criou
tenta fregar-lle a unha fonte
o número de série

sen querer

le nos cristais rotos
o resumo desolado

daquela, para superar a infancia
decide curar o astigmatismo

Afásia (1997)

cariátides (II)

todos os invernos eran igual: habia que escavar o corazón
o cativo saudaba á morte prendendo no seu interior unha lucerna
habia que evitar a carroza dos vampiros
deixando a cocíña sen varrer na madrugada

baixo a almofada danzaban as sombras, o dente
e o regalo dos tres reis
pero el estaba na mansión do espírito que vocifera

un home tranquilo que ulia a benzetacil 600
remangou o seu hábito cegador
abriu a palma

en vez de sangue, o neno viu dúas amígdalas

Afásia (1997)

Emma Couceiro

✓
vivimos nunha casa de mentira.
Somos de trapo no seu ventre disecado,
trapecistas
ensaiando un futuro malabar.

Respira e dilata túneles,
cárcere rítmica de paredes e portas
que doe atravesar como bocas desertas para o silencio.

Paseamos en pixama
tomando notas a todas horas
coas mans cheas de tinta

sen voz.

Humidosas (1997)

Estou pensando nelas.
Hai unha explosión de manchas tristes
e pintura sorprendida
que din dor
por máis que a devoción me sae enteira
e mareo o tempo.

Xusto ao redor
do que ía ser o meu corpo deitado,
medraron húmidosas encollidas contra a pel.
Nin esta nin outra máis
como unha dama,
xa só descunchando liñas
da memoria
e daquela tamén coa lingua axeonllada na boca.

Dóenme os pés
de manter o equilibrio
e estou sorprendida pensando nelas.
Debe ser que só a voz é verdade
ou só existe realmente este silencio.

Quen pode abrir unha ledicia arrastrada
máis alá do meu corpo deitado,
nin hoxe nin nunca máis
como unha dama.

Humidosas (1997)

Edebo ser esta que se retorce
debaixo do ceo desquiciado
de estas entrañas horas.

As entrañas horas (1998)

Serei a que non sabe.
A que se retorce nos versos.
A que se nace.

As entrañas horas (1998)

Aínda creo nas estacións desertas
que vivías detrás da casa.
As tardes nas que adentrabas na terra todo o que tiñas
por medo.
Había vestidos que ela gardaba por sempre
ou por amor ás cousas que nunca contabas.
E sei que na guerra e na casa
todo saía coa mesma forza
coa que arrincabas as costuras para que non afogase.

Pero non respira aínda o teu corpo con esa forza,
non podes imaxinar como canta se canta dentro,
nen que existe de estraño na súa aparición.

Debe ser que cega de asma a túa boca
e por dentro,
ou que non coñece o curso exacto das veas,
o sangue que precisa para non ser historia.

E seguen medrando na humidade
para que o leve dentro,
para que entenda o seu deserto dentro como entende a vida,
porque aínda creo nos que choraban detrás as colleitas
mentres adentraban na terra e no amor todo o que tiñan
por medo.

As entrañas horas (1998)

Carta-Epílogo

algo despiadado como o desexo berra dende as ruínas
(Alfonso Pexegueiro)

Sta. Cruz de Mondoí, 12-Outubro-1997

Falábamos das praias e ardía París como no cine. Falábamos das casas de ceo e ventre deserto porque no centro de nós mesmos cerraban os ollos. E tardei en escribírche e contárche o que se sente agora que nada é como dicías. Agora que esperto e vexo o meu corpo respirar con forza. Penso nelas e penso en ti mentres o vento segue matándose na miña casa. E segue sendo triste. Tan triste como a que comprende.

Quero contárche a miña historia de bailarina, os meus vestidos de princesa sen corpo e sen vestidos. Aquí todas sentiron chorar os seus fillos dentro. A vida era o seu manto de humidosas como un templo, como o pazo da aldea cercándoas. E no forno de pedra, entre as edras, parían as gatas dos veciños. Dous séculos de enfermidades fermosas e irmáns asmáticas. De olor a terra pisada todos os días. Porque por onde pasas puido nacer a vida que che faltou para querela e que te deixe morrer entre os seus brazos.

Pero o meu sangue non avanza nas veas como as túas palabras ou a túa relixión. Son a outra espida de credo e cando visitamos as ruínas do teatro recito a túa pel a escuras e sei como cae un imperio. Fronteiriza na derrota porque só nos límites se conquista o centro.

Pero os cimentos. Hai algo que non teño nos cimentos. Todo un camiño cara atrás recollendo traxes de voda secos nos armarios, e logo repetindo que todo o que tes é teu, dende a superficie ao centro da terra é teu. Pero se me arrastro até o fondo nada existe na escuridade que me debes como herdeira desa terra. Non me podes pagar máis.

Se existe algún deserto que non me cruce son a primeira desertora do camiño, a iniciada aos seus pés. Toda renuncia levanta pedras para lapidar algún silencio. E algún día ese silencio será o teu cando saias a buscalo.

Soñei este mundo. Sabía cada espacio. E liñas volumes que non teño. Pero cando marches cercado no pantano que xa non respira,

cando cruces as augas que xa non respiran, tende a lingua para min
dende o principio dos tempos, que saiba a orixe dalgunha boca triste
e forte como se morde, como se volves.

Porque nada destruo que non sexa. E se volves, habita
este corpo que entrañas horas,
e que entrañas horas repitas
que entrañas horas.

As entrañas horas (1998)

Estevo Creus

Daquela, colleitaba area. Todos os días baixaba ó lugar dos cangrexos (onde nace a area máis terrible) e apañaba, alomenos, unha pouca. Ás veces levaba un paraugas para protexerme das gaivotas e os outros animais voadores, e espallaba anacos de carne e zume de marmelo;

as gaivotas son uns animais terribles; teñen patas de rabia e son coma cangrexos con fame.

ASÍ
ATRAVESADOS NO MEDO.

Areados (1996)

Logo, voltaba á casa.
Un tigre azul esperábame contigo, e ós poucos, íámolo soterrando
de vagar, entre canción e canción, entre baile e baile; deitándolle
a area nos ollos e nas patas, esperando a que medrasen mapoulas
entre os dentes ou a que caese enfermo de tanta marea sen chuvia.

SOMOS
COMA DOUS NENOS TRISTES
NO MEDIO DAS ORTIGAS
ATRAPANDO CASCARRUBIAS E SALTÓNS
DETRÁS DAS PERSIANAS
MENTRES TODOS DORMEN
NA VENTÁ DA CASA

ATRAPANDO CASCARRUBIAS E SALTÓNS
COS OLLOS PECHADOS

ONDE CASE QUE É IMPOSIBLE
QUE SE REFLECTA A LÚA.

Areados (1996)

SOMOS COMO UN LUGAR DE CETÁCEOS
E TRES DÍAS Á SEMANA
VOMITAMOS O AMOR
DE BOCA A BOCA

LOGO ABRIMOS OS ARMARIOS
ONDE ESTÁN OS PINCEIS
AS FOTOGRAFÍAS
E AS CINTAS DE VÍDEO
COAS NOSAS POSTURAS MÁIS ÍNTIMAS.

TI NUNCA LEVAS BRAGAS
E SEMPRE FAS O MESMO CADRO
AZUL
AZUL COBALTO

EU QUEDO A MIRARTE LENTAMENTE
NON SEI
COMO SE ALGO DE TODO ISTO
ME RECORDARA A TI.

Areados (1996)

A min e non a ti
mordeume de neno unha balea
e no espiral de A.D.N.
mesturouseme a dolor con tres pasos e tres golpes:
as chemineas enchéronse dos bechos máis pequenos
a cola do alacrán habitoume polos brazos

e a memoria

a memoria

a memoria é un animal
con solitaria.

Poemas da cidade oculta (1996)

A min e non a ti
mordeume de neno unha balea
e pola cidade oculta
transitei cos cans
ós que lle roubaron o niño

e a fuxida fíxoseme
así
como terrible
como algo que se toca e ole a xeo
como algo que se ten
e non sabe de lugares
diferentes

ás nubes.

Poemas da cidade oculta (1996)

Amin non me sobra o opio
e nos ascensores máis estreitos
os meus soños son da dolor máis grande

cando a choiva roza
a zona máis sensible
e todos morremos
no reverso das dunas.

Un soño de chuvia
traerá o inverno
envolto nas barbas da balea
e xa ninguén poderá apreixarme
con botóns numerados do un ó sete de decembro

terceiro andar cara á saída

Hei volver polas ondas da casa
facer que me visiten as estrelas.

Poemas da cidade oculta (1996)

Marta Dacosta

A cidade navega as distancias do mencer
entre as tebras e a luz azulada de inocencia,
non hai faros que guíen nin sons que reclamen,
só unha lene frialdade que recobre un corpo abstracto.
Espadas de luz acoitelan arterias,
rápidas espadas que corren máis veloces,
aínda máis veloces nesta luz azulada,
neste lento chegar desde as tebras as voces.
A cidade navega entre brétema e auga,
é un barco calado o ruidoso navío,
que sulcando horizontes se viste de frialdade
para os lentos mences entre estes dous ríos.

Crear o mar en Compostela (1993)

O
s barcos do retorno esgotaron os ronseis
dos mares detidos nas entradas das rías.
As illas eran faros escuros e apagados
mais cedo presentidos.

Existían cidades
enormes
nas ribeiras.
Caladas,
durmidas,
ignorantes do regreso
dos barcos, que
repletos de argazo alimentaban
a ironía do destino.
O día non chegaba
pois o sol
que nacía
non era quen
de erguelo
nin de rachar a noite,
que fría e
poderosa
inundaba as ribeiras.

E así, do tempo en diante
van hoxe
os homes todos, vencidos e tristesiros,
orfos. E na noite do día consomen as angurias
para chegar á noite
e fracasar de novo.

Pel de ameixa (1996)

Nunha soidade de guía telefónica
nace o abrente da cidade.
O frío é falso
porque nas caixas de madeira apodrecen os pexegos.
Un axóuxere de ferro voa sobre o asfalto
e a luz é verde, é amarela, é vermella.
Agosto non existe.
Na cola do supermercado agosto non existe.
E as latas son area no mar da estantería,
unha praia calada
en que afogar os soños.
A oferta de aceite é a mellor lectura
para 365 días de consciencia.

Pel de ameixa (1996)

Sempre lembro o verán e unha poza pequena,
e as liñas azuis que se cruzaban
sobre o branco da camisa.
A poza enchíase a cada nova quenda e eu
remataba empapada
sen apañar xudías.
Sempre hai un sol enorme
desde a beira da poza
nese extremo do campo
en que meus pais labraban,
e altas escaleiras, tantos chanzos,
para subir á casa.

Setembro (1998)

Estarei alí, no val que vos oculto,
encrucillada de cortizos e castañas
onde o río se agocha e hai muíños
na posesión das hedras e dos fentos.
Na calor doutros ollos, os seus ollos,
ao abeiro da cociña e a feluxe
por entre tantas cousas de a diario
sen libros, sen poemas e sen voces.
Enteira, en silencio, en certidume,
cun gato inseparable e os seus bicos,
as améndoas dos seus ollos e esa forza
de ser pequeno e grande ao mesmo tempo.
Onde o sol nos fermenta e hai ervilles,
feixóns, cabazos, cidras e sabogas,
onde son quen de erguer o mundo
sen palabras, con terra, só con terra.

Setembro (1998)

Hoxe estou en silencio xogando co pasado,
mentres vexo chegar andando a miña avó,
que aínda é tan pequena como eu a recordo
e segue alí no vello paseo Afonso XII.
Eran cen escaleiras as que nos separaban,
o mundo da cidade vencido de ruídos
e a praciña de pedra en que aínda hai un pozo
ou a casa pequena da indomable Manuela.
Recupero a memoria de Pepa silenciada
pola peste da gripe cando empezaba o século,
e o misterio da vida en garrafas de barro
e algodón por Gonzalo, que naceu a destempo.
Recupero a friaxe e o sal do mar na noite
e a chalana afogada na outra beira da ría,
á miña nai tirando carbón desde a bufarda
ou atada a unha silla de falar *castellano*.
E eu sinto que son hoxe tantas que entón me foron,
Saladina, Manueliña, Rosa ou tamén Pepa,
e a mesma Teresa que nos fala incansable
mentres o tempo vai rodando pola tarde.

Setembro (1998)

Eduardo Estévez

só paxaros

nunca escribín cartas de amor
só paxaros saíron desta boca

nunca tiven soños
nin cortei rosas

non teño pecado
nin pedras

só paxaros saíron desta boca (1998)

diálogos marítimos

dixemos
frases breves en murmurio

e cantaches como cantan
as mulleres solitarias
nos bares de madrid

ou de vigo
tanto ten

só paxaros saíron desta boca (1998)

xénese

hoxe non hai lugar
entre as miñas costelas

hoxe non farei muller
nin pans
nin peixes

só paxaros saíron desta boca (1998)

estação derradeira

nesta cadeira vella e rota
agardo a mañá
en que batas na porta
e digas que é tarde para eu quedar alí
sentado
quieto

só paxaros saíron desta boca (1998)

ars poética (I)

para falar de min mesmo
hei evocar hoxe unha pena
detallada

un silencio

e ser un pouco máis vello
e canso nestas follas

contemplantar o mundo
con ollos de distancia

dicir
de cada cousa o íntimo
e necesario

lúa gris (1999)

é noso o silencio

fala de cidades
en lingua estranxeira

deitamos coas lembranzas

as sabas están manchadas
de tempo e saliva

lúa gris (1999)

Celso Fernández Sanmartín

as tebras
do peito afundiron –trasnoitantes–
da lúa

– as rúas transversais
esvaran cortantes
agonizando na esquina de cada constelación –
sobre dela
xira unha sombra de aire facendoa allea

introspectivamente
un intre de min
vive isolado

cunha furna
de tempo baixo a lingua.

Divagacións iú (1991)

a muller que vivía no pazo desexaba
desas flores
e agardaba

o seu pai dono do pazo e das terras
mandounas sementar a ducias
darredor da súa ventá
e preparáronlle ben a terra con carros de toxos
e co estrado das cortes
estercáronas ben

e medraron altas cara ó ceo

pero non houbo quen llas fora coller
e amaduraron as amendoas nas polas
e caeron co vento

a horta encheuse de ratos e de gatos
e o pazo quedou sen xente
fóronse para a capital
buscar cousas mais finas
sedas e encaixes
e sábanas onde lucir os outros bordados
que levaran con eles

e todo alí
continuou
dando flores no seu tempo
e amores sempre

Sen título (1995)

f acía unha calor de moita chispa para ser de noite
por iso abriron a ventá da cociña
destaparon unha lata de mexilós e coméronos todos sen pan
picándoos cun pauciño
nisto que se foi a luz e na mesma salsa de escabeche dos mexilós
reflexouse a lúa

Sen título (1995)

a balolio
bico pequeno

as contas que ti botas
sobre o día que vai facer
son atinadas

e os astrónomos
meu amor
que saben medir
e non saben medir

non saben medir
se che da o sol
do meu cariño grande

coma un fento
cuberto todo polo sol

e os abalolios
cos que te adorno
que son caracois
planetas e estrelas
moi lentos moi lentos

nen os astrónomos que mais saben
os saben medir

Sen título (1995)

a
as osas e os osos nas borras do café
onde as osas e os osos fan reflexo
polo visto botáchesme o café no vaso da augardente
toman unha copa e falan cos paisanos
cargados de escopetas, mirámonos
cos dous canos do nariz inchados e rubios
no primeiro catarro do outono
coma dous canos engraxados de escopetas

vimos engraxados de vendimar
vimos e temos roupeiros cheos de motos vellas arraxadas
de mosto de augardente de salmós secados e arenques
en viño que se nos acedou e porcós no sal e castañas
e ouriceira,
pero mirade osos
a ponte romana coa pedra azulada
pintura da marabilla
que son as troitas
sonvos as troitas
que
viven
debaixo dela á sombra
osos
mirade
mirade
mirade,
as troitas

nós as osas e os osos vímosvos tomar unha chiquita, e
traémo-lo vento esgazado detrás nosa
non colgamos lámpadas de ningún sitio

só dúas osas dous osos que morreron afogados
porque comeron unhas esponxas ensopadas de mel
que alguén deixou alí para enganalos
e que afogaran
empezaron a ver lámpadas acesas a pleno día

propriamente son captivo (1997)

Veu a tronada e nunha campaña do prado quedou preso un abesouro, pasou a tronada e veu lila segar á herba, traía consigo a arpilleira, a corda, a gadaña coa pedra de afiar metida nun corno retorto, e unha codela de pan seco na boca, segou un bo sebón dela, upouno ás costas e botou un aturuxo pequeno que petou no chau

encheulle o comedeiro ás ovellas e apartoulle dous ramallos de estalitroques que ían no medio, alabado, se comen isto as ovellas abofé que tolean de vez, e despois brincan e pintan a cana verde, deben pensar que están ceibas no monte e ven todo colores achispadas, botounos contra un recanto, e saíu o abesouro que zoou unha miga polo cortello adiante, marchou por un tragaluz, e xa abandonou para outro sitio a tronada que veu nestes últimos do mes de abril

sendo eu rapaza ben pequena, vin como lle abrían a barriga a unha egua que había na casa, e lle sacaron dela o cabaliño que agora ten meu avó, a egua esvarou e foise polo terraplén da rigueira abaixo, eu vin como lle sacaban o cabaliño e maila egua non morreu, saíulle tamén da tripa un abesouro que alumeou na corte máis có quinqué de carburo e foise á luz do día pola porta para fóra

propriamente son captivo (1997)

Lupe Gómez

Profundidade de campo

Nunca direi
todo.
É grande o
abismo.

Pornografía (1995)

Autobiografía

Non sei o que digo.
Nunca o saberei.
Abrin o cuarto prohibido
e agora estou dentro.

Pornografía (1995)

O meu nome

Eu son unha branca
meseta sen
fala. Fago chistes
da inocencia. Non teño
as bragas rotas
porque é pecado.

Pornografía (1995)

Paz

Eu estaba tranquila ollándote
porque en ti acababa todo.

Pornografía (1995)

Monecas «Nansi» loiras

Nunca houbo montañas
nas miñas monecas.
Eran totalmente planas
e azuis e eu poñíalles
vestidos para adornalas,
para rirme delas,
disfrazar as miñas bágoas,
saltar sobre a cociña
con catro pés. Soñaba
con ter moitas caras
e deixar de ser lista.

Pornografía (1995)

Independencia

Aplastarei a matriz que
me envolve para volver a
amar e sentir o meu útero
libre e aberto. Fareino con
amor, con poesía, con présa.

Pornografía (1995)

Nunca poderei

Nunca poderei amar tanto
coma as boas actrices.
Pero canso de ver galopar
sempre a mesma pomba.
A alma que tiña
desfíxena ó correr.
Vexo o mesmo cadro
tódalas noites cando se
pecha o putiferio e sangro
e ámote moi por enriba
das propias palabras.

Pornografía (1995)

Son unha nena
sen bragas.
Sen relación coa vida
nin co amor.

Os teus dedos na miña braga con regra (1999)

Antes dicíanme
que colocase ben
unha perna sobre a outra.
Que fose feminina.
E eu nin sequera sabía
onde tiña as pernas.

Os teus dedos na miña braga con regra (1999)

Creo no sexo
como as nenas
cren en algo santo.

Os teus dedos na miña braga con regra (1999)

Ninguén
me prohibirá nunca
estar soa.

Os teus dedos na miña braga con regra (1999)

Onoso amor
era longo
como unha guerra.

Os teus dedos na miña braga con regra (1999)

María Lado

...do incesto edénico...

Hai arañeiras de mitos fóra,
o asubío inexistente
o murmurar morboso
morden o valado do monte.
(Eva ve a rexión das serpes polo punto de luz)
E esvara...
pola fría
 branca
 suave pel
(Eva amárrase á costela do novo ser)
Entra no ramallo da árbore salobre
quece entre os peitos o froito,
renace da espuma das augas albinas,
e descansa sobre un enorme pene de herba
xurdido do increíble océano.

A primeira visión (1997)

...do sindicato dos pobres...

O agro de detrás do río, levantarse cedo para ir
ao mar, as tertulias no serán, o pai matando o porco,
unha ducia de ovos menos, frixir o xeonllo contra
o chan, os bicos da terra no peito, a luz, a poñer
patacas, bañeira e podemos cagar sentados, ansia
de federación, cociña de gas, en todos os sitios
se trebella, o galego á escola, o estraperlo, poñer
máis patacas, crónicas do moderno, ter moita terra
na Habana, a cidade onde tecen néboa,
Manoel Antonio versus Valle Inclán, rexionalismo,
o sincero dictante, Marx tamén podería ser galego,
grapo, o galego dialecto (¡¿é unha coña?!), o misto
máxico, seguido choran os deuses por nós, te uve ga,
galego tridimensional, atención: La Voz de Galicia,
El-Rei, o Papa tamén (que non falte nin...), os campos
de leite, aserrar polo Galaico ata que se nos despeguen,
o chan de arume, aínda poñemos patacas, máis
tertulias no serán, máis mar, chourizos, galiñas,
máis porcos e máis rinchóns, a eira, traballos
do tempo novo, grelos, millo versus xabaryl,
facen cestos de corres, os bolatos da masa da artesa,
balumada, cogomelos, os luns... o sindicato
dos pobres.

A primeira visión (1997)

...do home do sexo proscrito...

Colgaba unha pingueira dos aramios enfiñados
que compuñan o cadro da cidade
e todas as noites iamos pintala de ferruxe
para que caera sobre aquel viaxante irritado
e o desfixera polo baixo mal rematado,
porque non abrías as caixas de música
que che regaláramos,
nin baixabas ao hades a rescatarnos
nin querías vestirse de nós na loita.

A primeira visión (1997)

...da muller que foxe dos peitos...

Teño mentiras amarradas á traquea
por iso cuspo en intentos de anorexia.
Teño unha bala proxectada no peito
e bótasme sal na ferida aberta.
Teño medo de que non saibas coser
con teas de viúva negra o meu corpo.
Teño o embigo medrado de medo
para alugarte mellor, se vés de roxo.
Teño cogomelos do pan no útero
teño queixo con furadiños nos pulmóns
teño chícharos insomnes entre as costelas
teño un virus publicitario na autoestima
teño instintos que me psicanalizan
teño sorte... de que me teñas.

A primeira visión (1997)

...das imaxes que inchan a memoria...

Paríronme nun coche da Velvet Underground
no día da resurrección dun taxista melenudo,
e pegóuseme un ritmo de suspensión con coda
e un cheiro a naftalina, que era o que había.
(Aquele vella puta acendeume nos ollos as luces da
cidade dos médicos e cegoume)

Leváronme á barra das patacas nun cesto de aro
ao lado da poleira das galiñas vellas
e chocáronme na cabeza ata que llas metín ao caldo
para almorzalas cuns amigos e chocolate.
(Dobreime sobre a taza do váter e cuspín miserias de
anoréxica e bulímica)

Merquei uns guantes negros e uns panos de papel
e planeei punto por punto a morte das miñas bágoas,
e mentres as esganaba sobre un nacemento de cortiza
fixen un trío con Afrodita e un rapaz en cueiros.
(As mulleres de branco e o corvo visítanme de cando
en cando e susúrranlle aos oídos do meu cabalo
palabras obscenas que o fan tolear)

Matei o pai, a nai, e as ninfas que o criaron
e metinos en sal nunha hucha con tapa de uralita,
e todas as noites chegan os anacos á nosa cama
e empéñanse en dicir que somos cadáveres poéticos.
(No noso cuarto hai sobre a madeira uns grans de sal
que a van roendo ata que chegue o día en que
podreza, e vexamos polo furado que fagan a terra onde
nos metan)

A primeira visión (1997)

O petroglifo debuxado polas casas de Mallou
pegadas ó monte
(plantadas baixo terra como a primeira pedra do valado)
lévano tamén os homes no peito
e ensínano os días que o enxaboan con ansiedade
e debúxano coa navalla
nas paredes das tabernas
nas de Lisboa
nas de Vancouver
e tamén en Singapur
e na Habana
e nas da esquecida Elsinor tamén
e en todas as das páxinas da memoria
Meu avó non quixo máis dono
nin máis cometido para a súa
que o de gravar nas táboas distantes
os nomes do seu traballo
e entón
cando chegou á praia para tomar a última taberna
enterrouna ben fondo
pé da pirámide de area máis grande
a primeira que ven os barcos.

Feros corvos (núm. 4, 1998)

Igor Lugris

E se cristo morreu na cruz
por nós
alguén deveria dizer-lle
dunha vez para sempre
que nós
nós
nunca seremos capazes dunha cousa así
ainda que caian cinqüenta dilúvios
ou cento cinqüenta
e a terra se abra para tragar-nos
porque nós
nós
nunca pedimos este mundo
Servia-nos qualquer outro
Qualquer outro

Quen nos defende a nós dos idiotas? (1997)

C
oas palabras que nunca dixemos
conseguiríamos ser nós
e non desaparecer
asi
silenciosamente
mentres o mundo
e o ceu nos vencen
Derrotan-nos
Conquistan-nos

Quen nos defende a nós dos idiotas? (1997)

Desaparecerán as palabras necesarias
e cairá o mundo
ou unhas quantas vidas
duramente
contra o chan inexistente
e a realidade
E entón sairá o sol
e parecerá-nos que podemos seguir vivos
e todo iso...

Quen nos defende a nós dos idiotas? (1997)

Fumarás a miña vida aos poucos
entre a clandestinidade e o escándalo público
mercando às agachadas o meu corpo
para mesclá-lo co tabaco rúbio que nunca fumas
Quntarás o amor coas tuas maos
e vestido envolto liado co teu cabelo
prenderás cos teus ollos a paixón
e arderá o sexo mentres reclamamos
tranquilamente
a legalización do amor libre e as tuas cadeiras

Quen nos defende a nós dos idiotas? (1997)

Artefacto Burbur

Si seguimos utilizando el lenguaje en su clave corriente, con sus finalidades corrientes, nos moriremos sin haber sabido el verdadero nombre del día.

(Julio Cortázar)

António Udina está morto
e también está morto Elvis

 din os Living Colour

Elvis era branco

 din

e por iso gravava muitos discos

Se fose negro non poderia

non poderia nen rañar a guitarra

António Udina non era negro

mas desde logo non falava unha lingua de brancos

Talvez estexa entre nós o noso António Udina particular

El quando era pequeno non imaxinava que ia ser António Udina

e centos de miles de estudantes saberian del

e saberian de memoria a data da sua morte

El non o sabia

E Elvis también non

Mas Elvis era branco

E António Udina non falava unha lingua de brancos

Ademais falava vegliota

Elvis fazia rock porque vendia

António Udina falava vegliota mas el non o sabia

porque xa en 1898 non quedava ninguén que falara ragúseo

Chamava-se António Udina mas también lle chamaban Burbur

A Elvis chamavan-lle El-Rei

 The King en inglés que parece mais importante

mas Elvis era branco

e por iso podia ser El-Rei

António Udina só podía ser Burbur

Entre nós nunca haverá un Elvis
a non ser que se faga branco e fale coa lingua dos brancos
Mas todos somos António Udina
e chaman-nos Burbur

Elvis era branco e por iso gravou muitos discos
António Udina non era negro
mas a sua lingua non era de brancos
ainda que todos falamos dálmata algunha vez na nosa vida

Quen nos defende a nós dos idiotas? (1997)

Olga Novo

biotopo

a Milagros Polo

cómpre sachar moi fondo
para non dar co ferro nos cantazos
e aclimata-los ollos ó traballo manual
de colle-la polpa dos días con corpo de mazá.

cómpre rebentar de cara adentro
co sol e o mar e cantos lumes sexan conservados na memoria
e saberse fósil anaco de cuncha
bisonte ou fento
a rotación e a cópula.

a tetá sobre o sol (1996)

nótaseche que desde a primeira infancia xogas co olor das
[glicinas,

que viches medrar con asombro o carballo ó pé da casa,
que vivides das vacas. aínda nóta-lo agre olor do leite callado
[cando escribes poemas para o
home que amas.

só fai falla mirarte.

respiras cada vez con máis escuridade,
a noite sobe ós teus aneis.

pasas polos camiños da serra
non hai máis que cabalos onde ti vives, non hai máis que
[cabalos.

e dáste á música como á bebida.

baixas aló: a primeira herba é para as túas tetas.

e gárda-lo teu amor no mesmo alpendre onde están os sachos e
[as gadañas, entre a terra fresca.
entras alí como méte-la man en aceite fervendo.
abrasas.

contróla-lo latexar do viño nos bocois cando ves que ferves
e dislle a el que anque non te queira, un verso ten o ritmo
[preciso das malladoras, da caída do
gran.

porque teu pai levoute ó campo e alí a primavera ládrana os
[cans
e dislle a el que roubará-lo trigo en canto naza,
e que te irás.

nóta-lo corazón coa terra removida, písancho os bois,
alguén tira dentro semente coma pedra dura.

es muller cando o que choras son anacos de sal e che caen ós
[pes en forma de gotas de sangue.

cando te-los xeonllos curados das caídas de nena
a dolor deste inverno é a dun xeo que non se derreteu entre a
[ferida.

adentro xúntanseme bruxas e tódolos animais que alimento
[nos cortellos.

a cicatriz emite un ruído demasiado cruel, supura un líquido
[tristísimo,
nóta-lo corazón coa terra removida, písancho os bois,
e falas con el e cando falas con el a noite sobe ós teus aneis
cando lle falas
irremediabilmente regresas ás ortigas.

Nós nus (1997)

os líquidos íntimos

coa miña pel podes facer enxertos nas mazairas.

algunhas conservan estirados os nomes que gravei a navalladas
tódalas tardes ó volver da escola.

acostumada a tirar por un poema como por un becerro cando se lle
[ven as patas,
cando xa non se está en idade de medrar
toda maduración require un desgarro de tendóns
entón é cando corren polo meu peito rabaños de cabras que non se
[dirixen a ningunha parte,
sóbenme ás paredes desde as que te vexo,
arrancan coa lingua o pasto mentres te vas.

o tacto dos teus violíns faine chorar terriblemente.

e case non podo soportar que as túas mans me acariñen como a la
[dos xerxeis que me facía a
miña mai cando era nena.

pero coa miña pel
coa miña pel podes facer enxertos nas mazairas.

Nós nus (1997)

astral.
a maxia.
cántico pagán.
e os teus son os ollos do boi fendendo o rego que me abre.
o lume da fogueira no que empreño.
pronunciarte ten o risco de desaparecer no abismo.
toda rocha ten o seu principio na espuma con que a bates
porque nada hai que se asemelle ó movemento furor
do teu océano, devoración rotunda,
océano total das túas augas,
a fame coa que bicas ante a morte.

Amar é unha india (1997)

*n*on hai aquí animal que conteña
o resultado final da túa transparencia.
porque ti non subiches á barca de Noé.
quedaches fascinado polas augas do diluvio
e preferiches morrer para ve-lo mar completo.

Amar é unha india (1997)

Certa extensión (agraria?)

Millo, patacas, orxo, millo miudo,
os mellores tomates dos tomates posibles
e quer flores, quer gando,
un infinito mesmo, de nós decatármonos
(e a posibilidade de abrir unha lagoa),

a posibilidade das rás recuperadas,
os lucrativos kiwis ex-antípodas
(os kiwis vexetais) e cabuxas e ovellas

facerse claro, experto e transparente,
dual, do sol, da terra e mais do eiquí

e todo iso, sen recurrirmos ós invernadeiros:
a república agraria
un herdo
da cultura

que logo do silencio,
cando a pedra falaba tan barroca,
logo da fisiocracia catedrática
e da melancolía e sopas de saudade e burro canso
a néboa (Sturm und nocés) baixara e logo abriu
un magífico herdo do pobo (ideoloxema)
e a leituga de orella
de burro que vai vir, herdo non enxergado na túa vida.
Será o mellor tomate dos tomates posibles.

Depósito de espantos (1994)

Segundo é mester

Poética: certificado
de estudos primarios, o libro
de cualificacións: ensino medio:
titulación de máis relumbre, despois.

Poética: contempla-los precedentes:
certificado de estudos primarios,
polo nocturno,
asisitir a academias, moitas
academias e ausencias.

Ausencias. Poética: un pito
entre clase e clase:
augas toldadas.

Depósito de espantos (1994)

Hipopótamo (babilonio)

Ser un pousón. Ter mundo (subacuático).
Pousón do subacuático, animal de pel mol,
un animal con paxaros no lombo
(no pouquiño do corpo que levanta das augas).

Estar no río (a cousa heraclitana) a catro patas.
Te-las orellas a rentes das augas,
tirar por veces as ventas das augas.
Vivir na lama.

-Je suis l'hipopotame, le veuf, l'inconsolé,
le prince ad aquas, Taine a la tour abolie.

Depósito de espantos (1994)

E duro o veredicto da outonada:
baixa-la vista do ocre, e das gamas máis cálidas:
lamáchegas aínda ó pé de ti, no teu camiño.

Ínzate de lembranzas, se é que podes
-hachas levar o vento, e a friaxe,
deixarache no toro o inxel dos días de soño:

unha árbore,
unha árbore aínda de camiño,
unha árbore aínda por plantar.

Depósito de espantos (1994)

Anguías

Para Senén Bernárdez Ferrán

Queda remontar ríos, tornar ó curso alto,
ter consolo no atávico dos animais antigos.
O corpo esguío e vello, afeito ó mar maior,
serpea en auga doce. Chegara onde as fisterras
transparente, logo virou visguento,
escorregante e presa dos instintos
da partida outoniza, cae en nasas,
pero escapa das mans que premen con cobiza.

¡Que non nos collan, peixes
arcaicos! ¡Oxalá que tornemos
onde collamos todos,
onda o cabo e principio, ós argazos fecundos!

De interromperse o ciclo, de non migrarmos máis,
que sexamos captura de proveito:
corpos abertos e ata a fin convulsos, en sal e dor
nunha pía doméstica, descabezados.

Repare quen de augas nos privar no cadrelo azaroso,
arreguizado e firme, da agonía,
tamén na nosa especie atlántica e escura.

(E, de ser presas novas, que aboémo-la terra!
Como seica se fixo en tempos de fartura).

Letras vencidas (1999)

Letras vencidas

Cría o gando precioso dos silencios
nas montañas de seu e comunais
e cada quen fala logo da feira
segundo lle vai nela, e tamén segundo arte:
os provenzais soen ben falar de amor,
o expatriado ten un ton exploratorio
e voz grave e escura para remontar ríos,
o devanceiro ecoa severo e sutil,
o escolar pobre foi vehemente e tenro,
o príncipe romano de frialdade divina;
o insular oriental, devoto de alimarias

–e a aportación de datos recomenda prudencia:
o portulano é falso e o calado ten metros.

Letras vencidas (1999)

Chus Pato

*Para Paco Souto
Por Edicións do Dragón e as horas de amizade en Muros*

D

urmo
como si endexamais durmise.
Na claustra da miña nai

na touza, posiblemente nun camiño
Un camiño real
de aparicións

os nenos nos que soubemos fotografada a infancia dos nosos pais
a vara de xunga
os bois

de tal xeito que nós mesmos somos a nosa propia estirpe
a nosa propia orfandade
a nosa propia ausencia

o tempo, inmenso de soedade
pois ningún presaxio agardo, ningunha profecía
Escura como ouro a gloria
(o ceo pecha o nacre no interior da cuncha)

difícil olvidar o Comité Central
difícil, o Partido
Esta é a Patria, a que nos deron
auto-odio
etnocidio
extinción, expolio
e non hai outras heroínas
Xenoveva de Bravante, Sisi, Marisol ou Cleopatra

nai que me ocultou a terra
que velou o idioma
-contra o código invasor
español soñante
español pensante

Europa
incesto

non olvidarei o Comité Central
non olvidarei o nome do partido
non olvidarei a nai que tratou de transmitirme o código invasor.
A xenealoxia do Capital é pechada
de aceiro
inviolable

non daredes, non vos alcanzará o desexo
a Patria, mina
Máis alá de vós, de min, do que nos invade: SOBERANIA

Fascinio (1995)

para Paulino Vázquez

*a*gora que todos os poetas do mundo lle caeran enriba

iso
que ese encontro, sucedería

sempre que esteas disposta a encarnarte nos teus antepasadas

-¿evoluirá o galego cara unha nova lingua pidgin?
-¿deberíamos tentar a escrita dunha poesía vernácula urbana?

que iso, ler a Paul Claudel
ela non podería facelo, en absoluto
e os anxos, para morrer, bican as mi_as maos
a eternidade non che suplicase:
beber o sangue dos animais recén sacrificados
ou cando menos unha venda para os ollos

pero ela pasara toda a súa vida entre escorpións

LISA, verdadeira emperatriz dos Comunais
e aos Comunais iamos

a Limia é unha terra solar, plana, tan plana como a palma das
[vosas maos

-¿evoluirá a nosa lingua nacional cara a un novo idioma pidgin?
-¿deberíamos tentar unha nova arte turística rural, para-turística
[rural?

-¿unha novidosa poesía vernácula-urbana?

esa imaxe que recordo, o meu rostro no azougue
que se imprime no espello, mesmo nun sudario santo
e que con tanta claridade, na súa ruína, distingo

así como nun tempo anterior
nos desfixemos da inmortalidade dos deuses por inservible

nos desfacemos hoxe da eternidade dese rostro
contemplamos a ruína da palabra

no interior dunha herdanza
a herdanza dun tempo anterior
en vida

posterior á evanescencia
o poema testemuña a destrucción
e brotan nel fríúras

escombros da comunicación

facemonos próximos
tan próximas

“...en calquera caso ao servicio da modificación da realidade
e non da súa descrición”

na memoria da nosa memoria poética
na memoria

Alauda negra

Paxaro de anís.

Níve (1996)

a s grandes pedras abrigadas polo musgo
como se ao prado lle floriran miríadas de margaridas de xelo
así no bosque
entre donas crioulas loucas das Antillas
as luces de D. Walcott
e a paixón polas palabras
como zucre nas froitas confeitadas dos dóces de Nadal
así os corpos cando se abandonan no inferno
como brasa caída en auga
paoffffofff
¡que poder! a escrita
como a nación o feminino: que a pillas, que non
que repta, que se acocha, que vai, que non
que a colles, que non
que difire ¡¡¡que difire!!!

eu vivía dentro do lume
cando as luces eran vermellas
e as paredes brasa de cristal
O lugar onde procedo é un C invertido na epigrafía romana
Dicirvos:
“eles cavan en hortos xemelgos
un, o de maior idade, cava profundo
ate case rozar a terra
outro, traza sulcos en diagonal
e en espiral frolece verzas, de rizada folla
e as patacas”

o grao de incerteza é cada vez menor

pronuncio nomes que endexamais entenderíades

as grandes medas ateridas polo inverno

pero Nós, de longas cabeleiras, apegadas á nenez
temos un sexo húmido, feraz, de sotobosque atlántico
cabeza que terma da pedra branca
sidérea

temos, iso si, negocios: tesouros, tendas e unha obra poética
elas, as antepasadas paternas que encetaron todas o seu canto na
vendima
para que non se derrame
para que non se perda a bandeira vermella do barbeiro
moi perto da carne
nos peitos da miña avoa
Cando menos non gardarei auga de Lourdes nunha garrafa
para terror da miña descendencia
nin alumearéi con virxes de fósforo as remotas cambras
Pasos acompasados ao bater do corazón
nin a Señora da Gracia se me aparecerá
para me liberar da culpa
no mar da Prata
nin nos campos de golf
imposibles, de Sabana Grande

mira no meu rostro un bosque cercano a Atenas
o prezo da dote

as miñas devanceiras
mulleres domésticas, todas precedidas polos bois
as que contratan a produción das operarias
as que ceiban esposos cegos alén dos mares

logo dirán ANTANTELARCARQUIÑAMEDORRA, cousa

cando a todos nos desecaron a memoria

avoa de meu-Nosas
constrarquitectasTúmulo grandes laxes da Vida , da Morte
No Idioma

A ponte das poldras (1996)

Isolda Santiago

P

odería chegar ata a abstracción
apertándome ó corpo do inverno
e gardando o teu tacto plácido no ventre
coma un tesouro estraño
Podo ser facho que se acende ó Sol dando xemidos
ou terra aberta en sulcos para a rega
Perderme en beixos de amantes parapléxicos
e abdicar da razón e da memoria
 -Tan lonxe das esponxas
 da laverca
 que montaba heroes medievais
 ó galope da luz cara ó absurdo-
Pero ocúpame a arte de clausurar burdeis
e pechar postigos ó soldado
violento de illargas
cun sopro de halitose
reclamándome

E xa me imaxino o corpo inquebrantable
soando en claves prefixadas
espreitando un final inaccesible

Mentres (inadvertida)
FLOR DE TAN MAL XARDÍN
ti te me abres

Flor de tan mal xardín (1994)

No «Penthouse» afian os galos o piteiro
Sobre o «Penthouse» seca o centeo
As femias teñen observatorios entre as pernas
gustan do exótico
o exótico é negro

Dende o berce ó mercado da carne
Do ollo de boi ó tragaluz das cortes

Máis lonxe hai unha nada
cor vermella

Balada non é aquí canción de outono
balada é expresión do gando en celo

Na aldea
o sexo é unha carqueixa

¿Que forma adoptaría o meu corpo en todo isto?

Triloxía da Fundación:
O Mar
O Monte
A Aldea

Berce das estampas (1998)

A lgo que proe dentro
Alguén que aborda unha calosidade
Incorpóranme a unha cerimonia no Salón de Espellos
da man de ninguén e todos bailan

Darredor do Salón hai esqueletes
tocos misericordes
Venden elixir de vida
eterna
en frascos de analiza-la ouriña
utopías en botes transparentes

O mercador do tempo le as leises:
As mulleres son apéndices útiles
As mulleres son nais canto máis frías
As mulleres han de ser de vidro
rosa
Amor é un misterio no que hai que ter fe
Prohibido unicornios ceibes
pola horta

O epitafio dulcifica a impotencia dos mortos máis inútiles
dos mortos emigrados
dos mortos máis mortos e achegados
o meu sangue

Aprendo a escribir sobor do mármore

Amor é, con moita fe, algo que adorna

Berce das estampas (1998)

O mono espido de vinte e dous por seis de diámetro, a cor das lentellas, gatos no tellado, sereas tremendo nas mútuas augas

Escanza-las uvas á mor da liteira, galopan corceis, atacan tambores, convírtome en lesma, reconto luares e cega no baño confundo humidades

Agora que somos de sal e de cuspe, que o mar se nos sobe ás corvas das éngoas, habemos soñar con ser pombas e pedirlle á noite que nos traia unha illa

E nós que sabémo-los cantos sagrados onde as sombras combaten co medo, neste intre de pedra encallado, aramado de selva que asusta e trae

Barba Azul afogaba entre as páxinas
Teresiña morría de tanto ser santa

Berce das estampas (1998)

As flores que medran no convento son dunha inútil profusión
de cores
híbridas

A pedra non produce pero conservo un forno
abundante
onde cozo utópica boroa
en miniatura

Saben que hai pamponas
que todo non sucumbe
que en cada pezón bate unha ala

Unha vea circula cara o centro
con outra pecha o círculo
As veas poden levar de todo
as miñas transportan o pudor
-o pudor é un residuo masculino-

Entrambas unha tregua
guindar lastro
dende o chanzo intermedio
máis alto é a saída

Tamén acontece na capela
as escaleiras soben en paralelo
artrítico
Quedémonos pois para sempre no patín da infancia
máis alto é a unción de vómito devoto se a paralela sae
[oblícu

Algunha noite escapa ó máis feroz
coróase no alto das nobrezas
eu son vea residual e ti subsolo
as ninfas son de Wolfrang
(coma nós)
As santas son metade muller metade imaxinería

A Noite e a Lúa non deben ser amantes
A Noite é unha rexión terceiro-mundista
avanza mercede á caridade
avanza pois por Occidente
Occidente demostra que a Lúa non existe

O meu cuspe navega o Amazonas
O pudor habita no ignoto
do Eixo Lotarínxeo

E despois do chanzo derradeiro
do alto
da saída?

Berce das estampas (1998)

On the Road

Ti conduces, Cynthia, e eu fecho-lle os ollos
ao sol, á velocidade, á viaxe. Sei
que os abro para buscar algo no horizonte:
Nada. Entón entra-me no folgo ese vento,

ese aire do desexo das novelas, dalguns poemas
ou das películas porno, e miro-te de esguello.
Ti conduces, Cynthia, pero dás-te conta
e sabes o que vai suceder porque ti es sábia

e es como os animais. Buscas-me de esguello
coas tuas propias detonacións de angústia
e dis: Agora imos facer *História*.

Case non reduces a velocidade e pasas a conducir
só coa man esquerda. Nos nosos cóbados,
unha sombra de luz aparece e desaparece,

o equilibrio do mundo balancea-se.

Odiseas (1998)

Milésima tristeza

Pregunto-me por que me desfago.
As palabras que me faltan,
de que son síntoma?
Pregunto-me pola miña ás veces morte
de tristeza,
de tristeza de formiga,
de tristeza de catapulta,
de tristeza de peixe voador,
de tristeza de culler,
de tristeza de illa e
de non poder,
non poder mais.
Pregunto-me por que me estou desfacendo,
se invento
ou esaxero básculas, insectos e lobos,
eu, que realmente son un home feliz
en todas as direccións,
excepto dentro da miña sombra;
eu, que amo e me aman;
que coñezo unha felicidade de río,
de volta ao mundo en dirixíbel,
de cervo en cio,
de búsola,
de luz e forza
no pulso da vida e
aproveito este momento
para sorrir-te a ti, meu amor,
que ás veces me dis meu amor
e ás veces te desvestes.
Pero,
como dicia antes,
por que
esa tristeza millonésima,
mortal

ou milésima tristeza
dentro
?
.

*Ay, triste del que un día en su esfinge interior
pone los ojos e interroga. Está perdido.*

Rubén Darío

Odiseas (1998)

A Bukowsky, como a min, gostaba-lle facé-lo na ducha.
Acabo de ler un poema seu
con moitas palabras obscenas como cona e carallo
e cheo, cheo de amor
e água.
Neruda comezou escribendo poemas de amor
e escribeu e escribeu
até ter a sorte de conseguir a súa própria illa
para facé-lo,
o amor.
En Isla Negra escribía cousas con moito mar e escuma
por dentro das mulleres.
Jim Morrison tamen escribeu poemas de amor e de sexo,
Jim drugs, sex & rock'n roll,
debeu facer do amor unha drogo-dependéncia,
nalgunha canción dá a impresión de el ter moito medo,
de pedir por favor non ficar só,
como temendo: «Se deixas de bicar-me, morro».
Derek Walcott escribe moi ben sobre o amor
e transmite unha pacífica luxúria;
di cousas como *baía*,
a meixela de Anne Danniels,
Ouh Beleza, es a luz do mundo,
liberdade,
ou *Tiña o peito dela para repousar*,
o resto era História.
En canto ao amor
vai mais alá:
Nalgun lugar se recolleu unha pequena colleita
de cadáveres nun camión.

Odiseas (1998)

De súpeto, Adriano encontrou-se cun poema na seguinte páxina do xornal. El por gosto só lia novelas de Verne e de Salgari e cousas polo estilo. Como habia moito que non lia nun poema animou-se a le-lo, a ver. Leu no pé dos versos o nome do autor e non lle soaba. A ver se é un poema de amor, hai moito tempo que non leo un. Buscou o primeiro verso. A ver. Adentrou-se. Ahá, fala da vida. Ahá, e do tempo, moi ben. E da esperanza de buscar unha luz. O poema tiña trinta e dous versos e Adriano sorria de satisfacción á altura da metade. Un poema construtivo, un poema vital de intentar vivir con alegría. E ademais é un poema moi ben elaborado, penso, a ver.

Pero no verso vinte e dous supetamente Adriano perdeu o sorriso compracido e adoptou un aceno de séria sorpresa. Xuntou o entrecello. Sindicatos. Pensou Acabo de encontrar a palabra Sindicatos neste poema vital e estou desorientado. Sindicatos, pronunciou en voz alta. O peso da incertidume entornou-lle un pouco os ollos. Pensou a palabra. A palabra Sindicatos, que raro, umm... Política nun poema, nun poema precioso sobre a vida, a palabra Sindicatos, umm, a ver. Adriano volveu a ler os versos que envolvían a palabra. Comezou a ler outra vez o poema ata Sindicatos, e despois de Sindicatos en diante. Logo quixo ler o poema enteiro de vez procurando non deter-se na palabra, pero a palabra retivo-o. Umm, que estraño, o poema di abrazo, di alegría, e ser humano, e de repente Sindicatos. Umm, non podó imaxinar unha manifestación con toda esa xente berrando dentro deste poema, pensou. Aquí Sindicatos debe querer dicir outra cousa, ehem... Estaba nervoso e foi buscar a palabra ao dicionário.

Asociación pola defensa dos intereses dos traballadores, fundamentalmente perante o patronato. Aquela definición borrou da imaxinación de Adriano as voces da manifestación. Umm, isto é importante, pode referir-se a unha abstracción, algo con outro sentido, as palabras teñen vida própria, umm... Defensa dos traballadores. Adriano leu rapidamente o poema, freando un pouco en Sindicatos. Non entendía moi ben aquela situación. O poema encanta-me. Releu os versos várias veces. Recordou Pero unha vez escoitei-lle dicir a un escritor con barba algo así como que non se podía misturar a política coa literatura, umm, e nen Verne nen Salgari falan nunca de política, penso. Entón

Adriano volveu sorrir. Adriano recortou con coidado o poema da páxina do xornal e gardou-no na carteira debaixo da foto de Patrícia. Teño que ler mais, pensou.

Odiseas (1998)

Francisco Souto

V
eño da fin do mundo
coa cabeza aberta
e as mans cheíñas de paxaros

Veño nas coitelas do solpor
onde o voo dos mascatos
e os corvos anunciadores do trebón
tecen a noite
e na morte
souben
que Mar non era de águas
senón da rosa nosa das tristeszas

As árbores do incesto (1995)

Noé non virá esta tarde

Deixa aberta a festa da profecía lenta
porque xa luas anteriores
padeceron nos pés nus a luz de outros ofidios
aterrados soldesceres polas casas dos homes

Non preciso a palabra para o que acuso
basta coas esferas dos relóxios entrando-nos na carne
semente
maldizón
esforzo planetário
porque todo foi feito para os seus ollos
no sétimo día
basta cos peixes que acoden à chamada
círculo descéntrico do cristal que nos suicida
laxeira mole
elevada onda contra as casas

Pois eu sei da vinganza do mar
que acode à balastrada inóspita dos solstícios
con armas de matar
con armas de matar acoden también as aves
rotos os albergues das lagoas con armas de matar
acoden as horas fuxidias das manillas dos mercados
con armas
con armas a matar

E cumprida a morte
no agoiro dos peixes feridos e os corzos do veneno
estragadas as rás e as princesas
esquecido o nome das cousas para sempre
no portocolo das especies en arca
anúncio levemente
como non me permiten os órgaos oficiais da propaganda
que Noé tampouco virá esta tarde

As árbores do incesto (1995)

Se Ana Mendieta

Abrirei un oco na terra
do tamaño exacto do meu alento

Da promíscua floresta
ao leite do río
propagarei o rito deste incéndio
luz nefasta

Eu son
o galo degolado
que esmorece nos teus peitos
Son o barro calcinado
A cicatriz e a pólvora

Abrirei
Abrirei na terra
un oco do tamaño exacto
do meu verso

Fado (1998)

Furtivos

xunta Mesura

A percebeira é unha illa
A illa ten nome de peixe esquivo
E os homes van

A lanchiña que os leva é de pau de laranxo
a lua é unha laranxa apodrecida
a lua debuxa cadaleitos nas furnas
de entre os mortos nascen percebes

Os ollos vagos non ven
son as mans acoiteladas as que cachean os tetos
a rapa áxil

E logo a lonxa
E a viaxe à Coruña ou Madrid
E o prato na mesa
E o sal na boca

Ese sabor a sal na boca
como se a morte viñese cada nove ondas

Fado (1998)

con Igor Lugin

Falarei agora
como se se me fose a vida
como falo sempre
porque para dizer fume
é preferível ficar calado

E digo terra
e case ulo o humus do souto
a pegada afundida
o crepitar obsceno
involuntário
do paso

E digo illa
e un lagarto verde
escorre-me entre as pernas
e así vou nomeando as cousas todas
como un deus crível

E entón no sétimo día digo home
e a palabra atora-se
e digo
e non digo
e cando vou dizer
as balas que me han matar
fechan-me a boca
e porén
sigo a dizer a cada mais alto
e xa ulo a pólvora do disparo
a suor de quen acariña o gatillo
e caio no chan
e non digo xa mais nada
que chegou
e non chegou
a fin

E vós
que escoitades
e contemplades o crime
erguede a voz
e cantade
denunciade
a miña morte

Fado (1998)

Miro Villar

Habitas agochada nun cristal embazado
polas mañás de inverno con chuvia e vento frío,
que derrota nas tardes doces un sol tardío
de cores irisadas debuxando o teu engado.

Habitas en silencio cando eu miro calado
e non sorrís nin choras con furor ardentío
nin teimas na rotura do teu propio vacío
que estou ben certo amiga xa foi canto trobado.

Habitas recollida nun halo indiferente
cos ollos limitados pola profundidade,
en estáticos trazos do aroma da cidade.

Habitas nun recordo no que espreitas ausente
e fas que eu mesmo teña sede e curiosidade
por saber do teu nome, de coñecerche idade.

Ausencias pretéritas (1990)

Como o que consome alenta *
enfraquezo desdeixado
e resisto ben calado
o que de min se comenta
con linguaxe virulenta,
porque Amar non é delito
nin figuran por escrito
normas de comportamento
para atallar no momento
a enfermidade que cito.

42 décimas de febre (1994)

* verso de Soror Madalena da Glória (1672-?)

Horizontal, sí, te quiero *
e na entrega xenerosa,
libre de rigor austero,
lasciva, libidinosa,
despaciosamente espida,
de vagar humedecida,
co respiro entrecortado
na desmedida fogaxe
dunha gorentosa viaxe
por territorio vedado.

42 décimas de febre

* verso de Pedro Salinas (1891-1951)

F

*Entre tanto, a tu custodia deixo mis últimos versos.
Aquí están.
Si los guardas,
si los conservas,
podremos comparar su amargura
con la sonrisa de los que escriba mañana cuando vuelva.*
(León Felipe)

aproveito as palabras por ti desperdiciadas
que recollo e restauro labrando cada verso,
palabras nos lagotos do olvido que vernizo
coa resina das bágoas, entre amor de rescaldos
que fumezan, que abafan e non dan extinguido.

aproveito as medidas limitadas dos versos
que recompoño adrede coa túa exactitude
de ámbitos, sentidos novos retornan na beleza
do pronunciado, cerna de aciñeira traballo
e o corpo gaña a forma da evocación sonora.

aproveito as estrofas que nun aire viciado
purifico e intúo rimas e metros doces
para ter un azucre de flores semellante
aos teus ollos, conto sílabas e agradezo
cada acento perfecto que quere un sonetista.

aproveito inclusive pausas inoportunas
onde o estro dubida na escolla do adxectivo
para amar, despojado do apetecido aroma
colecciono un caderno de fragancias, odores
de prantas, e aproximo de xeito novo o corpo.

aproveito unha coda nunha estrofa de envío
para deixar no verso final esa esperanza
débil, ese combate co amargor máis profundo,
co verme máis nocivo. reparo o meu sorriso
namentres un fragmento de min nace diverso.

Abecedario da desolación (1997)

M

*Um dia
sem ouvir
a tua voz
é como descobrir
que o mar
morreu.*
(David Mourão-Ferreira)

ando coa voz descalza nos días areeiros
que escorren polos dedos, reinvento no murmurio
que se escoita a liturxia de mares de saliva
que esvaran na pel, sinto como sobe a marea
do livor que conturba cada poro en silencio,

envexo o mar inmenso que desencalla os pasos
que escribín na planicie porque pode bicarte,
o mesmo mar de fóra que arreda os nosos liques
en distinto hemisferio, teño envexa do plancto
porque somos argazo que morre lentamente,

perdo salitre en ollos que se perden no inmenso
sabor dunha amargura tan grande e tan enorme
como aquel horizonte que se deita nos labios
do mar, non digo nada, non posúo palabras
para escribir relatos de náufrago no diario,

agradezo os abrazos e os beixos daquela onda
que cruza inesperada no vento de novembro
pero que sabe a pouco, que destrúe e que nada
máis que augación achega, miro de novo os peixes
escasos que unha rede de nostalxia enreda,

devolvo insatisfeito cada palabra na auga
e como o mariñeiro recoñezo na espera
unha amizade, miro de novo o mar na enchente
desta preamar, sinto como sobe a marea
do livor que conturba cada poro en silencio.

Abecedario da desolación (1997)

Alegría

Qué alegría, vivir, sintiéndose vivido.
(Pedro Salinas)

Que alegría, saberte comigo debuzada,
nunha mañá de nubes dun outono calquera
ou no sol temesiño desoutra primavera,
para acollermos xuntos a luz abrancazada.

Que alegría, mirarte nun sorriso abrazada
no tempo impredecible de invernia e de espera
ou na inoportunidade da calor máis severa
para albiscar entrambos o brinde da luzada.

Que alegría, notar o rebento que nace
dentro, como se fose medrándome no oído
unha música morna que non dá interrompido.

Que alegría, dicir ben alto que me aprace
ser amado e amarte co corazón espido.
Que alegría, vivir sentíndose vivido.

Equinoccio de primavera (1998)

Rafa Villar

hai veces en que sendo feliz,
estando triste,
agardo que volvas,
que regreses a estas mans e a esta voz,
que regreses a este corpo,
con tantas indecisións e madrugadas

o devalo do mar (1994)

Entregámoslle ao vento
velame e temón,
o rumbo incerto
da fuxida última.

Mar e inverno
como horizontes
e nos ollos
grandes ondas salgadas.

Un novo solpor anunciou a viaxe.

E fomos escuma
na implacábel singradura
de regresar
partindo.

A sotavento dunha singradura (1995)

e *u son de aquí*

desta raíz de nogueira
que fende
o mar

desta carriza
orientada ao inverno

desta mera

son de aquí

sombra
dos días
que andei
tan
só

de aquí

lento veleno
na gorxa
e mortal

*os meus restos
son esta casa
de espellos
mudos
que me crean*

casa ou sombra (1997)

a casa
nunca tivo chave

gardouna a maré
entre os seus
devalos

unha chave
sería unha rede
intacta

casa ou sombra (1997)

A mallante trouxo á illa
unha mensaxe de buguinas e cunchas abertas
que non soubemos descifrar.

Houbo quen intuía un barco ou se cadra un avión,
quen imaxinaba espléndidas colleitas no outono,
quen predicía bancos de peixes agardándonos.

Tamén houbo quen agoiraba un río de afogados,
quen vía unha guerra entre irmáns,
quen ventaba o mar nacendo das estrelas.

A seguinte maré mudou a mensaxe
e, sen tempo, soltamos amarras
mentres a lúa se mexía entre as nubes.

E houbo quen aínda dixo
que a illa tiña forma de áncora.

illa dentro (1998)

*m*írame
caído

celebrándome

bailando contra as esquinas

bébedo
das miñas veas enterradas

e a un paso
do poema

ícaro (1999)

os autores

Marilar Aleixandre (Madrid, 1947)

Catálogo de velenos (Esquío, 1999)

Fran Alonso (Vigo, 1963)

A lúa no probador (Diario 16 de Galicia, 1992), *Persianas, pedramol e outros nervios* (ed. do autor, 1992), *Tortillas para os obreiros* (Espiral Maior, 1996), *Cidades* (Ed. Xerais, 1997)

Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977)

Elevar as pálpebras (Espiral Maior, 1995), *Delicia* (Espiral Maior, 1998), *Vivimos no ciclo das erofanías* (Espiral Maior, 1998)

María do Cebreiro (Santiago de Compostela, 1976)

o estadio do espello (Ed. Xerais, 1998)

Xabier Cordal (A Coruña, 1965)

Arianrod (Bahía Edicións, 1993), *Fruto do teixo* (Edicións do Castro, 1994), *Afásia* (Bahía Ed., 1997)

Emma Couceiro (Cospeito, 1977)

Humidosas (Espiral Maior, 1997), *As entrañas horas* (Ed. do Castro, 1998)

Estevo Creus (Cee, 1971)

Poemas da cidade oculta (Ed. Xerais, 1996), *Areados* (Dep. da Coruña, 1996)

Marta Dacosta (Vigo, 1966)

Crear o mar en Compostela (Dep. de Lugo, 1994), *Pel de ameixa* (Dep. da Coruña, 1996), *Setembro* (Ed. Galaxia, 1998)

Eduardo Estévez (Bos Aires, 1969)

só paxaros saíron desta boca (Dep. da Coruña, 1998), *lúa gris* (Ed. Xerais, 1999)

Celso Fernández Sanmartín (Lalín, 1969)

Divagacións iú (ed. do autor, 1991), *o tigre das cenorias* (ed. do autor, 1994), sen título (ed. do autor, 1995), *propriamente son captivo* (Letras de Cal, 1997)

Lupe Gómez (Curtis, 1972)

Pornografía (ed. da autora, 1995), *Os teus dedos na miña braga con regra* (Ed. Xerais, 1999)

María Lado (Cee, 1979)

A primeira visión (Letras de Cal, 1997)

Igor Lugris (Melide, 1971)

Quen nos defende a nós dos idiotas? (Letras de Cal, 1997)

Olga Novo (Vilarmao, 1975)

A teta sobre o sol (1ª ed.: Ed. do Dragón, 1996, 2ª ed. Letras de Cal, 1999), *Nós nus* (Ed. Xerais, 1997), *Amar é unha india* (Unión Libre/Ed. do Castro, 1997)

Manuel Outeiriño (Ourense, 1962)

Depósito de espantos (Ed. Positivas, 1994), *Letras vencidas* (Noitarenga, 1999)

Chus Pato (Ourense, 1955)

Urania (ed. da autora, 1991), *Heloisa* (Espiral Maior, 1994), *Fascinio* (Toxosoutos, 1995), *Nínive* (Ed. Xerais, 1996), *A ponte das poldras* (Noitarenga, 1996)

Isolda Santiago (Mazaricos, 1960)

Flor de tan mal xardín (Espiral Maior, 1994), *Berce das estampas* (Espiral Maior, 1998)

Sechu Sende (Padrón, 1972)

Odiseas (Letras de Cal, 1998)

Francisco Souto (A Coruña, 1962)

As árbores do incesto (Espiral Maior, 1995), *Fado* (Letras de Cal, 1998)

Miro Villar (Cee, 1965)

Ausencias pretéritas (Espiral Maior, 1992), *42 décimas de febre* (Toxosoutos, 1994), *Abecedario da desolación* (Espiral Maior, 1997), *Equinoccio de primavera* (Esquío, 1998)

Rafa Villar (Cee, 1968)

Liques da memoria (Caixa galicia, 1993), *o devalo do mar* (ed. do autor, 1994), *No mesmo espacio* (Ed. do Dragón, 1995), *A sotavento dunha singradura* (Espiral Maior, 1995), *O tributo da tarde* (Toxosoutos, 1997), *casa ou sombra* (Ed. Xerais, 1997), *Illa dentro* (edición electrónica en Internet, 1998), *ícaro* (Ed. Tema, 1999)

Este libro rematouse
de imprimir nos talleres de Litosprint
cando se facían 44 anos
da constitución en Montevideo do
Consello de Galiza (Goberno galego no exilio),
presidido por Castelao.

